

**15-M****Polos dereitos da mocidade, contra os recortes sociais e a ditadura dos banqueiros****Estender as mobilizacións
gañando o apoio
dos traballadores!
Pola Folga xeral!**

Desde o día 15 de Maio decenas de miles de mozos, estudantes, traballadores, parados e pensionistas ocupamos as prazas públicas e tomamos as rúas de numerosas cidades do Estado español converténdonos nunha referencia de loita dentro e fóra das nosas fronteiras. En Grecia e en Francia tamén se produciron manifestacións masivas, de centos de miles no caso grego, contra o mesmo inimigo: a ditadura dos banqueiros e a política de recortes sociais.

Un movemento cun contido de esquerdas e anticapitalista

A profundidade e extensión da mobilización puxo de relevo o rexeitamento da maioría ao capitalismo e a un sistema político que só defende os intereses dos poderosos e, lóxicamente, xerou unha reacción visceral da dereita e os seus medios de comunicación que non tardaron en nos criminalizar, empregando a represión para tentar desaloxarnos das prazas (ou da Xunta no caso recente de Compostela).

A decisión, arroxo e valentía da mocidade defendéndose da brutalidade policial en Praza Catalunya e noutras cidades, foi a mellor xeito de desenmascarar a hipocrisía de CiU e do PP. Estes elementos deixaron claro de que lado están: dos “mercados”, da banca, a favor dos recortes sociais e as privatizacións. Partidos que seguen sen condenar os crimes da ditadura franquista e que están anegados de corrupción non poden darnos ningunha lección de democracia.

En moitas das asembleas que se celebraron nestas semanas, do mesmo xeito que nas manifestacións e

concentracións, a maioría das propostas defendidas son de esquerdas. Foi público e notorio a defensa de reivindicacións contra a ditadura dos banqueiros e a favor da nacionalización da banca; contra o desemprego masivo e os EREs; en defensa da educación e a sanidade pública e de calidade; contra as medidas de axuste e o transvasamento de diñeiro público ás grandes empresas; contra a fraude do sistema político do capitalismo, onde as decisións fundamentais que afectan á vida de millóns son tomadas polos grandes poderes económicos e ratificadas polos políticos que seguen os seus ditados. Ese foi o sentir da inmensa maioría dos que participamos nas asembleas, manifestacións e concentracións destes días. A crítica, como é lóxico, foi rotunda contra o Goberno do PSOE e as súas medidas contra a maioría da poboación e en exclusivo beneficio dos de sempre. Esa é a explicación do desastre que sufriron nas eleccións do pasado 22-M e do avance da dereita, que lonxe de ser un asunto sen transcendencia supón unha seria ameaza para o noso movemento e os dereitos da maioría da poboación.

Se este foi o sentir maioritario, tamén puidemos escoitar a compañeiros expondo que o movemento 15-M debe situarse á marxe da “dereita ou a esquerda”, ou defendendo o “apoliticismo” da nosa loita. Desde o Sindicato de Estudantes combatemos esta idea día tras día: Como que a nosa loita non é política? Seica facer manifestacións, concentracións, ou acampadas reivindicativas non é facer política? Evidentemente si. Estender prexuízos contra a política, ou mesmo negar o dereito a que organizacións da esquerda interveñan lealmente no movemento expondo propostas en positi-

vo para facer avanzar a mobilización, é claramente prexudicial para conseguir os nosos obxectivos.

Os nosos inimigos están organizados e teñen ideas políticas moi concretas. Seica nós non temos a obriga- ción tamén de organizarnos e defender ideas que benefi- cien á maioría? É certo que debido ao abandono que os mozos e os traballadores sufrimos por parte das di- reccións sindicais e dos grandes partidos da esquerda durante moito tempo, xerouse un ambiente de frustra- ción e rexeitamento cara á “política oficial”. Pero non por iso debemos deixar de sinalar que a responsabili- dade de que nos atopemos sen casa, sen traballo e co- as pensións en dúbida, é do sistema capitalista e da- queles partidos e organizacións que o defenden. A de- mocracia sen xustiza social non é real. Se queremos de- mocracia real necesitamos transformar a sociedade, e iso significa dotarnos dun programa de esquerdas e an- ticapitalista que defenda os nosos intereses e dereitos.

Continuar a loita incorporando á clase traballadora

Para facer crecer o movemento 15-M e conquistar as demandas defendidas nas asembleas, necesitamos es- tender a loita e gañar o apoio da clase obreira. A par- ticipación do movemento obreiro dará un carácter aín- da máis masivo á nosa mobilización. E non só iso. Lo- grar a súa solidariedade e implicación activa, conflu- indo nunha gran folga xeral, é a clave para facer rea- lidade as aspiracións destas semanas.

Esta idea foi recollida con forza pola Asemblea de Málaga, que convocou o pasado 27 de maio unha ma- nifestación na que un eixo central foi a proposta de convocatoria dunha folga xeral de 24 horas. A respos- ta á chamada a esta mobilización foi impresionante: máis de 20.000 persoas abarrotaron as rúas, conver- tendo a manifestación nunha das máis masivas na historia da cidade. Esta orientación é a que debe adop- tar a coordinación de asembleas de todo o Estado que tivo a súa primeira reunión o pasado 4 de Xuño en Madrid. A proposta de organizar unha mobilización unitaria en todo o Estado para o día 19 de xuño e dar continuidade á loita é un paso adiante. Pero ao mes- mo tempo hai que esixir ás direccións de CCOO e UXT que abandonen a súa postura de pactos co Goberno e a patronal, de “paz social” e desmobilización. Temos que obrigar aos grandes sindicatos a que rectifiquen a

súa estratexia xa, e que impulsen a organización dun- ha gran Folga Xeral en coordinación co movemento do 15-M e o conxunto das organizacións políticas e sindi- cais da esquerda.

Desde o Sindicato de Estudiantes, que participamos nas mobilizacións e no movemento 15-M, pensamos que este é o camiño: ampliar e estender a nosa loita ao conxunto da mocidade e os traballadores, paralizar a vida social e económica para parar os ataques e facer realidade as nosas reivindicacións. Esta é a experien- cia positiva que nos transmiten os nosos compañeiros en Grecia, en Portugal, en Francia e no mundo árabe.

- **Retirada inmediata de todos os plans de ata- que** contra a mocidade e as familias traballadoras.
- **Non aos recortes orzamentarios** en sanidade, educación e nas prestacións sociais.
- **Basta de regalar diñeiro público aos banquei- ros, empresarios e especuladores.** Que se na- cionalice a banca para empregar os recursos de todos en obras públicas, sanidade e educación, dando emprego a millóns de parados.
- **Non á contrarreforma laboral e o despedi- mento barato. Non ao recorte das pensións e á ampliación da idade de xubilación.**
- **Contra o paro:** subsidio de desemprego indefini- do de 1.100 euros ao mes ata atopar un posto de traballo. Redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen redución salarial.
- **Por unha vivenda digna!** Nacionalización das grandes construtoras para crear un gran parque público de vivendas en aluguer a un prezo non su- perior ao 10% do SMI.
- Inicio dun **plan económico para crear emprego** (investimentos en infraestruturas, servizos sociais e outras industrias) non baseado nos intereses dos capitalistas senón nos intereses da maioría.
- **Incremento drástico dos impostos ás gran- des fortunas,** aos beneficios empresariais e á banca. Combater a fraude fiscal e a fuga de capi- tais coa confiscación dos patrimonios e das con- tas dos ricos implicados.
- **Basta de represión contra a mocidade.**

Como en Portugal, Francia, Grecia e o mundo árabe!

Contra o capitalismo e a súa crise!

Non á ditadura dos banqueiros, non aos recortes sociais!

Impulsar o movemento con novas accións e manifestacións que confluán nunha nova folga xeral!

www.sindicatodeestudiantes.net

sindicato@sindicatodeestudiantes.net

Sindicato de Estudiantes

